



## Datos do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO	
Unidade Tramitadora:	
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN	
Número expediente:	Documento:
TES/201/2020	TES15I0WW
4W2E72350R0Z11670A1D	

## RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE FACENDA

Logo de ver o informe proposta da Tesoureira municipal (TES15I0WV) que transcrito literalmente di:  
**“INFORME PROPOSTA DA TESOURERÍA**

### **ASUNTO.- MODIFICACIÓN DO CALENDARIO DO CONTRIBUINTE 2021 (2ª MODIFICACIÓN)**

Marta Roca Naveira, Tesoureira do Concello de Narón, en relación co asunto mencionado emite o seguinte informe PROPOSTA:

#### **Antecedentes**

-Informe do Xefe do Servizo de Intervención e Facenda do 02.07.2021 (ING15I0YA).

#### **Normativa**

-RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

-RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación

-Lei 58/2003, 17 de decembro, Xeral Tributaria.

-Demais normativa concordante.

#### **Informe :**

Primeiro.- O calendario fiscal do contribuínte do 2021 foi aprobado por resolución do concelleiro delegado de facenda o 18.12.2020 sendo obxecto de publicación no BOP do 24.12.2020. Posteriormente, o 28.01.2021 o dito documento sufriu unha modificación que foi aprobada por resolución do concelleiro delegado do 28.01.2021 (TES15I03J).

Segundo.- Dáse traslado a esta Tesourería do informe do Xefe do Servizo de Intervención e Facenda (ING15I0YA) no que se manifesta, entre outras consideracións que toda vez que no calendario fiscal do contribuínte aprobado para o presente exercizo non foi incluído, debido ás circunstancias excepcionais provocadas polo COVID-19, o padrón anual da taxa pola ocupación da vía pública polo Feirón de Santa Icíá, e que este reanúdase a partir do 1 de xullo de 2021 é polo que : “(...) tendo en conta as circunstancias excepcionais que se están a vivir considérase axeitado a modificación do calendario do contribuínte do ano 2021 no que atinxe ao padrón fiscal por OVP por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións e industria de rúa e ambulantes incluíndo un período voluntario de pago do 20/10/2021 ata o 20/12/2021.”

Por todo o exposto, propónse ao concelleiro delegado de Facenda a adopción do seguinte acordo:

1º.- A aprobación da segunda modificación do calendario do contribuínte para o exercizo 2021 conforme se indica de seguido:

CONCEPTO	EXERCIZO E PERIODO	PERIODO VOLUNTARIO INGRESO	DATA CARGO DOMICILIACIÓNS
PADRON TAXA OVP FEIRON SANTA ICIA 2021	EXERCIZO 2021	20/10/2021-20/12/2021	1º día do período impositivo



**NARÓN**

2º.- Publicar a modificación do calendario fiscal do contribuínte no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello para a súa difusión e xeral coñecemento.

3º.- A modificación do calendario do contribuínte para o exercizo 2021 é susceptible de recurso na vía contencioso administrativa por quenes sexan titulares de dereitos e intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.”

Esta concellería delegada, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, resolve:

1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

***Ante min.  
(Dou fe da identidade do asinante)***